

O PLAN HIDROLOXICO NORTE I E A CALIDADE DAS AUGAS NOS RIOS

8 de outubro finalizou o período aberto para a presentación de alegacións ao Plan Hidrolóxico Norte I, elaborado polo MOPT, e que afecta aos seguintes sistemas: Miño Alto, Sil Superior, Sil Inferior, Cabe, Miño Baixo, e Limia. Esta conca intercomunitaria, sobre a que non ten competencias a Xunta, corresponde nun 76.7% a territorio galego, e o resto a León. Existe outra conca intercomunitaria con parte na Galiza, Norte II, que inclúe o Návía e o Eo. O resto do territorio corresponde a denominada Conca Hidrolóxica de Galiza-Costa, competencia exclusiva

da Xunta, que na anterior legislatura elaborou un Plan Hidrolóxico para esta área, conxelado desde aquela, non se sabe por que motivos.

A necesidade de elaboración dos plans hidrolóxicos das concas está recollida na Lei de Aguas. Os plans hidrolóxicos terán como obxectivos racionalizar o uso da auga; potenciar a eficiencia e o aforro no consumo; mellorar a calidade, lutando contra a súa contaminación; establecer as prioridades de uso; avaliar os efectos directos ou indirectos asociados coas obras hidráulicas; garantir a participación dos usuarios

na xestión da auga; e establecer os medios financeiros suficientes para o programa de xestión recomendado.

A orden de preferéncia establecida polo plan é a seguinte: 1ª, abastecemento urbano (ou rural); 2ª, usos agropecuarios diferentes do rego; 3ª, usos industriais de pouco consumo (menos de 1 m³ por emprego e día); 4ª, regadios; 5ª, outros usos industriais; 6ª, uso industrial para a produción de enerxía eléctrica; 7ª, acuicultura; 8ª, usos recreativos; 9ª, navegación e transporte acuático; 10ª, outros aproveitamentos.

A pesar desta clasificación, o plan recolle a situación actual, e dalle uso prioritario á produción de enerxía eléctrica a 41 dos 46 encontros existentes no ámbito do mesmo.

Defínese o caudal mínimo medioambiental como aquel caudal que respectado no cauce permite manter no río e no seu entorno unhas condicións próximas ás existentes antes da intervención. Para elo deberá permitir conservar as características físico-químicas dos ríos; as poboacións vexetais e animais do cauce, marxens e ribeiras; a recarga de acuíferos; as zonas húmidas dependentes do caudal circulante; a calidade das augas e os seus usos preexistentes; e as funcións recreativas e de esparcemento que se desenvolvan na base do río.

O Plan Hidrolóxico establece unha asignación e reserva de recursos, as características básicas de calidade das augas e a ordenación dos vertidos de augas residuais, as áreas de protección e especial protección, e o plan de infraestruturas e actuación básicas.

Na legislación ambiental establececese tres categorías de calidade de auga destinada ao abastecemento humano: A1, A2 e A3 en grao decrescente de calidade. A primeira necesita unicamente un tratamento de clarificación, mentres que as outras necesitan un tratamento de depuración físico e químico normal (A2) e tratamento inter-

TRAMOS DE CALIDADE INADMISIVEL (INFERIOR A A3): río **Miño** desde Meira até confluencia co Miñotelo; río **Parga** desde Guitiriz até confluencia co Roca, río **Moreda** desde Taboada, río **Ferreira** desde Castro; río **Arnoia** desde Baños de Molgas, río **Barbaña** desde Seixalbo, río **Barbantiño**, desde confluencia co río de Maside, río **Arenteiro** desde Carballiño, río **Deva** desde A Cañiza, río **Tea** desde Pontareas, río **Louro**, e río **Antela** en cinco quilómetros águas abaixo de Vilar de Barrio.

TRAMOS DE CALIDADE MINIMA (TIPO A3): río **Edo** desde Castro Caldelas, río **Mao** desde Bóveda, río **Cabe** desde Monforte, río **Miño** entre a confluencia cos ríos Miñotelo e Pequeno, río **Miño** desde Rábade a Belesar, río **Miño** desde Tuy a desembocadura, río **Ladra** desde Vilalba, río **Parga** desde Póvoa, río **Narla** desde Friol a confluencia con Riazón, río **Neira** de Baralla a Laxes e águas abaixo de Póvoa, río **Sárria** desde Sárria, río **Arnoia** de Rioboo a Baños, río **Avia** desde confluencia con río Arenteiro, río **Tea** desde Mondariz a pontareas, río **Limia** desde Sarreaus, e río **Antela** desde cinco quilómetros águas abaixo de Vilar de Barrio.

sivo (A3), seguidos sempre dunha desinfección (cloración ou ozonación). As águas de calidade inferior a A3 non son aptas para potabilización, recibendo a calificación de calidade ou situación inadmisível.

Os criterios de calidade para vida dos peixes dependen do tipo de especies, requerendo os salmónidos unha calidade superior a do tipo A1 en determinados parámetros.

Na memoria do Plan Hidrolóxico Norte I recolle-se a valoración da situación actual dos ríos dos sistemas hidrográficos do Sil, Miño, Cabe e Limia. A maioría dos ríos contan con un tramo ao menos de ínfima calidade de águas, tal como se pode ver no *Cadro* adxunto

No resto dos ríos a calidade é igual ou superior a A2, e permite a vida de ciprínidos. Se esta é a situación dos ríos do interior, cual non será a de moitos ríos da zona costeira, onde se acumula unha máis elevada densidade poboacional e industrial?. A adopción de medidas contra a contaminación das águas, que inclúan o tratamento integral tanto das águas residuais urbanas como industriais é algo urxente e de grande importancia para a conservación dos nosos ríos.

